



LICENZAS POR FORMACIÓN 2018/19


CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

DOCUMENTO  
TÉCNICO  
(Galego)

# MATERIAIS MULTIMEDIA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA ALUMNOS LESIONADOS 1º ESO

 Xeneralidades sobre educación física

 Avaliación: Os músculos (cara posterior)



1. Trapecio

2. Tríceps

3. Dorsal ancho

4. Glúteo

5. Isquiotibiais

6. Xemelgos

Alberto Rodríguez Salas

Dorinda Seijo Souto

DOCUMENTO TÉCNICO

# Manual de instalación dos materiais multimedia

---

## 1. Descrición xeral

Os materiais multimedia para 1º de ESO están formados por seis libros interactivos elaborados co programa EdiLIM . O programa é unha ferramenta de autor moi sinxela de manexar que ten unhas características que fan dela unha moi boa opción para a creación deste tipo de materiais.

## 2. Especificacións

- Versión empregada: **EdiLIM 5.1** para windows 32 bits.
- Características da versión: Emprega tecnoloxía **javascript**. É unha versión **RC** polo que pode conter erros de funcionamento.
- **EdiLIM** é o programa editor dos materiais, que estarán elaborados nese contorno chamado Libros Interactivos Multimedia (**LIM**). Así pois para crealos precisamos ter instalado o editor, pero para executalo e visualizalo non é preciso, pois ao exportar o resultado final crea un arquivo **.html** que pode abrirse con calquera navegador.

## 3. Características técnicas

- Uso de **HTML+javascript+css**
- É compatible cos principais navegadores , sistemas operativos e dispositivos. (Aínda que a nosa experiencia é que o mellor funcionamento obtense co sistema operativo de **Windows** e co navegador **Internet Explorer**)
- Non precisa bibliotecas nin aloxamentos externos ao propio programa.
- Os materiais estarán aloxados na web, polo que para a súa execución non precisa **EdiLIM**, soamente ter actualizado o **flash player** do navegador.
- A propia páxina oficial de EdiLIM aclara:  
*“O sistema Lim é un contorno para a creación de materiais educativos, formado por un editor de actividades (EdiLIM), un visualizador (LIM) e un arquivo XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen”*

## 4. Características educativas

- Facilidade de uso para o alumnado e o profesorado.
- Actividades atractivas e motivantes.
- Posibilidade de control de progresos nas actividades e avaliación dos exercicios.
- Rapidez de execución e manexo moi intuitivo.
- Posibilidade de utilización nunha gran variedade de dispositivos

## 5. Instrucións para a execución dos materiais

### Dende Internet:

Para a execución dos materiais dende Internet so temos que acceder ao enderezo no que estea aloxada (neste caso no repositorio Abalar) dende calquera ordenador con conexión. Sen necesidade de ningún tipo de instalación, abriremos o arquivo mediante un dobre “clic” e o libro comezará a amosar as súas páxinas.


O material funcionará con calquera tipo de navegador (Chrome, Mozilla Firefox, Microsoft Edge,...) pero os mellores resultados obtéñense con Internet Explorer.

### Dende almacenamento local:


No caso de executar o arquivo dende un almacenamento local (HDD, SSD, USB ou incluso CD), simplemente debemos abrir o arquivo buscando a icona dentro do cartafol correspondente:

#### Exemplo para Windows 10


1. Abrimos o menú principal na pestana inferior esquerda co símbolo dunha ventá
2. Picamos na icona “Sistema de Windows”
3. Agora prememos a opción “Este PC”



## 4. Buscamos a unidade USB e facemos dobre “clic”



5. Xa estamos dentro. Agora só resta premer na icona do libro multimedia. Se o facemos no arquivo con extensión LIM abriremos o programa editor EdiLIM (se o temos instalado), pero como o noso obxectivo simplemente é visualizar o libro, farémolo no arquivo que leva a extensión HTML, que se abrirá co navegador que teñamos instalado no ordenador (neste caso Internet explorer)



6. Finalmente aparece a pantalla de inicio do libro multimedia. Xa só queda ler, navegar polas páxinas e, sobre todo, aprender. Desfruta da unidade!

